



Cultura científica, 4ºESO



A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sexta edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sétima edición, o tema elixido é **Antes, durante e despois das guerras**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia e a BNE.

Cécile Crampon

Cécile Crampon é directora de comunicación e relacións institucionais da SFEN (Société Française de l'Énergie Nucléaire)



«O papel das « Petites Curie » na vida dos soldados feridos da Gran Guerra

Ao tempo que 2018 marca o centenario da fin da Primeira Guerra Mundial, é unha boa ocasión para botar unha ollada aos heroes e heroínas deste período, comenzando por Marie Curie e as súas « Petites Curie ».

As « Petites Curie » (*pequenas Curie*) é o alcume que se lle da aos vehículos que Marie Curie equipou de unidades de radioloxía durante a Primeira Guerra Mundial e que permitían achegarse ao fronte, ao lado dos feridos. Cando comenza a guerra, Marie Curie, titular de dous premios Nobel, xa ten unha sona científica solidamente establecida. Ela podería terse mantido apartada do conflito; pola contra, ela tomou parte activa nel, como o resto dos membros do Instituto do radio, do que ela é a encargada na época. Sobre todo, é xunto a Antoine Bécélère, director do servizo radiolóxico das armadas, e da Cruz Vermella que ela participa na creación de unidades cirúrxicas móbiles de radioloxía, chamadas entón « ambulancias radiolóxicas », e alcumadas máis tarde como «Petites Curies».

A principios da guerra, aos feridos dábaselle un tratamento rápido, realizado no mesmo lugar da batalla, antes de evacualos cara os hospitais. Pero o uso de novas armas como as metralladoras, as lascas de obús ou a metralha facía moi complexos os diagnósticos. A estabilización da fronte, a partir do outono de 1914, permitiu á Armada Francesa a reorganización do tratamento dos seus feridos. É aquí que Marie Curie entra en escena. Dende 1914, ela únese a unha primeira campaña baseada nun coche equipado con material de investigación en radioloxía, emprestado a Claudius Regaud, codirector do Instituto do radio et un dos pioneiros da radioterapia. O obxectivo era evidentemente limitar no posible os desprazamentos dos feridos, antes de radiografar as súas feridas. Esta disciplina, inédita na época, permitía situar con precisión a localización das lascas e facilitar así a operación cirúrxica. [...] En total, foron dezoito camionetas lixeiras as que peitearon sen descanso os diferentes campos de batalla, do Marne, de Verdún, do Somme... En canto a Marie Curie, ela dedicouse a esta misión durante toda a guerra, ata obter o seu permiso de conducir, en 1916, para conducir ela mesma as súas misións, acompañada da súa filla maior, Irène, aínda adolescente.

Da radioloxía á radioterapia

O Instituto do radio se transformou durante a guerra nunha escola de radioloxía onde se formaban as mulleres, moitas delas enfermeiras, no oficio de auxiliares radiólogas. Estudaban leccións teóricas sobre a electricidade e os raios X, facían exercicios prácticos, daban anatomía... En total, son centenares de postos fixos de radioloxía creados no seo dos hospitais militares. Os arquivos citan a cifra de máis dun millón de feridos socorridos grazas a estas instalacións, das que un milleiro pola mesma Marie Curie en persoa. En 1918, a radioloxía convértese nun útil familiar da medicina. Marie Curie milita entón a favor dunha técnica revolucionaria, a radioterapia : « Despois dos raios qui desvelan, os raios que curan »

Texto de **Cécile Crampon**, SFEN

Fonte: <https://www.sfen.org/rgn/role-petites-curie-vie-soldats-blesses-grande-guerre/>

Máis textos arredor do rol das mulleres enfermeiras e médicas na Guerra Mundial: **Wendy Moore**, *No es lugar para mujeres* . Ed. Crítica, 2021. (páx. 7 do pdf)